PROPOSTAS DE UGT-GALICIA – COMISIÓN SECTORIAL Nº2
INFORME SOBRE A SITUACIÓN DA MULLER

UGT esixe poñer fin as brechas de xénero, á precariedade laboral e ás violencias machistas, e que os poderes públicos e as empresas tomen medidas para a corrixir o grave impacto que a actual precariedade na contratación (con presencia moi maioritaria de mulleres, sobre todo a tempo parcial), os baixos salarios e a menor cotización van a ter -están tendo xa- nas prestacións e pensións públicas das mulleres no futuro.

UGT considera que deberíamos explorar novos camiños que nos permitan corrixir as desigualdades no acceso á xubilación.

Por exemplo, en materia de corresponsabilidade nos coidados familiares, e o reparto de cotizacións entre os dous membros da parella. Desta forma, se unha muller traballadora accede a unha redución de xornada por motivos familiares, coa redución correspondente de salarios e cotizacións, mentres que o outro proxenitor desempeña a súa xornada a tempo completo, pódense repartir entre os dous as cantidades cotizadas, co fin de minorar unha forte redución na pensión de xubilación das mulleres.

Este asunto planteouno xa o Parlamento Europeo, que instaba a procurar mecanismos xurídicos para ver como podía implementarse para salvagardar á muller, que ten mais risco de pobreza en idade avanzada.

Consideramos que é necesario reforzar os dereitos das mulleres nos sistemas de pensións. E para elo o Goberno debería ir mais alá da aplicación da sentencia do TC en sentido estricto, e facer extensiva a corrección para o desemprego e para os casos de incapacidade parcial ou permanente, xa o sexan por enfermidade profesional ou enfermidade común.

Non se pode penalizar dúas veces á muller na súa vida laboral, e despois dela, por ter un contrato a tempo parcial. Por este motivo, resulta imprescindible facer extensible para as nais divorciadas, separadas, solteiras ou viúvas cun fillo, o 5% que se aplica xa se teñen dous fillos ou máis.